

***AS CONFRARÍAS RELIXIOSAS DAS FREGUESÍAS DO SAN MARTIÑO
DE PACIOS E DE SANTIAGO DE BAAMONDE (BEGONTE) (LUGO)***

AUTOR. JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

I. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA FREGUESÍA DE SAN MARTIÑO DE PACIOS.

Segundo o I.G.E. do ano 2019, esta freguesía posuía 201 habitantes distribuídos nas entidades de poboación de A Ponte de Arriba; Carballido; Covos; Ferreira; O Camño Real; O Pedroso de Abaixo; O Pedroso de Arriba; Rañal; e Vilaflores. O Interrogatorio de Vázquez de Orjas en 1609 fai mención a existencia da Mamoa de Amenido, onde na noite do San Xoán aparecía nela un fato de galiñas e polos. Así mesmo, no lugar de Carballido segue habendo a romaría do día da Ascensión.

Dende unha óptica eclesiástica, esta freguesía pertencía ao arcebispoado de Begonte e a diocese de Mondoñedo-O Ferrol. Non obstante, dende unha perspectiva civil esta comunidade eclesial, formaba parte do municipio de Begonte; do partido xudicial de Vilalba; e da provincia de Lugo. Este municipio, situado na parte occidental da provincia de Lugo, posúe unha superficie de 126,8 km². Nela vive, segundo o I.G.E. ¹ do ano 2019, unha poboación de 3026 habitantes, distribuída en 19 parroquias ². As súas principais entidades de poboación son Begonte, capital municipal, e Baamonde. Os seus lindes son: ao Norte, cos municipios de Cospeito, Rábade, Guitiriz e Vilalba; ao Sur, cos de Friol e Outeiro de Rei; ao W., co de Guitiriz; e ao Leste, cos de Cospeito e Outeiro de Rei. Ademais, este territorio está comunicado pola autovía A-6 e a N-VI, coas que empata a A-8 (Autovía da Costa). Así mesmo, a liña do ferrocarril Palencia- A Coruña, ten neste municipio dúas estacións: as de Baamonde e Begonte. Por outra banda, este espazo territorial está encravado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha extensión de 1823 km², sendo considerada a comarca natural máis ampla e chá de Galicia. Abrangue, ademais

¹ Instituto Galego de Estadística.

² Baamonde (Santiago), Baldomar (San Xoán), Begonte (San Pedro), Bóveda (Santalla), Carral (San Martiño), O Castro (Santa María), Damil (San Salvador), Donalbai (San Cristovo), Felmil (Santiago), Gaibor (San Xiao), Illán (Santiago), Saavedra (Santa María), Cerdeiras (San Fiz), Pacios (San Martiño), Pena (San Vicente), Santalla de Pena (Santalla), Trobo (Santa María), Uriz (Santo Estevo), Viris (Santa Elena).

deste municipio, aos de Abadín; Castro de Rei; Cospeito; Guitiriz; Muras;A Pastoriza;Vilalba; e Xermade, que constitúen co municipio de Outeiro de Rei os lindeiros do de Begonte.

II. AS CONFRARÍAS RELIXIOSAS DA FREGUESÍA DE SAN MARTIÑO DE PACIOS (BEGONTE).

As confrarías son agrupacións formadas por laicos que teñen como finalidade fomentar o culto de determinadas imaxes. *"La cofradía es la mediación fundamental para la celebración de fiestas y para la veneración de Cristo, vírgenes, santos.."*³ Teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica. *"...Son asociaciones cuyos fines son formalmente religiosos, estando sujetos, por ello, a la jurisdicción eclesiástica y a la autoridad de la jerarquía católica"*⁴ Na confraría lévanse a cabo relacións de convivencia, sociabilidade, intercambio e reciprocidade. *"La cofradía es el núcleo focalizador de toda una vida y un dinamismo comunitario"*⁵. A confraría pode chegar a representar o nivel de identificación e integración de toda a comunidade. Nese caso a festa principal simbolizará o conxunto da comunidade mesma fronte ó mundo exterior. *"Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y también de su unidad"*⁶ As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. Así o código dado por D.Alfonso X a terra de Santiago no ano 1.252, dise entre outras cuestións o seguinte: *"Otrossi mando que non fagan confrarías, nin iures males, nin ningures malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra e a mengua do mio sennorio, sino para dar a comer a pobres, o para luminaria, o para soterrar muertos"*⁷. Deste xeito as

³ MALDONADO,Luís.: "Cofradías y Hermandades". *Para comprender EL CATOLICISMO POPULAR*. Ed.Verbo Divino. Estella (Navarra), 1990, páx..87

⁴ ESCALERA REYES, Javier.: "Hermandades, religión popular y poder en Andalucía". *LA RELIGIOSIDAD POPULAR. III. HERMANDADES, ROMERIAS Y SANTUARIOS*. C.ALVAREZ SANTALO. MARIA XESÚS BUXO y S.RODRIGUEZ BECERRA (Coords). ANTHROPOS. Barcelona, 1989, páx.460.

⁵ MALDONADO ,Luís.: *Ob.cit.* páx. 87.

⁶ PITT RIVERS, Julián.: *L'identité locale vue à travers la fiesta. Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia, Divergencias, Conflictos*. Universidad Complutense. Madrid. 1986, páx.13.

⁷ LOPEZ FERREIRO, Antonio. :*Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra*. T.I. Santiago. 1985, páx.359.

confrarías tiñan inicialmente como fins básicos: adicarse ós necesitados, enterrar ós mortos e iluminar o recinto eclesial cando haxa cultos levados a cabo pola confraría. En Galicia as confrarías son abertas e verticais; son abertas xa que a persoa que o desexe pode pertencer a elas sempre que execute os estatutos da confraría; son verticais xa que en cada unha delas intégranse persoas pertencentes a distintas capas sociais ⁸. Normalmente unha persoa pertence a unha confraría ben pola tradición familiar, pola amizade con algún membrodelas, pola residencia..⁹

Na freguesía de Pacios houbo desde tempos antigos as seguintes confrarías:

1ª. A CONFRARÍA DE SAN.ROQUE E AS CONFRARÍAS DE SAN ANTÓN ABADE E DE PADUA.

2ª. A CONFRARÍA DA VIRXE DO CARME.

3ª.. A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO.

1ª. ANÁLISE DA CONFRARÍA DE SAN ROQUE E SAN ANTÓN ABADE E DE PADUA.

As constitucións desta confraría fixéronse no ano 1766, sendo crego D.Xoán Lorenzo Montenegro Rivadeneyra, e depositario Xoán Sancho Villegas, veciño da feligresía de Pacios.

*"Libro Dla Cofradía De Sn. Roque; Sn. Antonio de Padua; y Sn. Antonio Abbad; pr. devocion del Cura, y feligreses; siendolo actual D. Juan Lorenzo Montenegro, Rivadeneira: cura propio deesta frª de Sn. Martín de Pazios, y Santiago de Va/amd. siendo Depositario, y expezial deboto Juan Sanchez, alias Villegas, vezº de esta nominada frª de Pazios; echo este Libro, y Constituciones, en el presente año de mill, setezientos, sesenta y seis"*¹⁰.

Esta confraría sostíñase coas aportacións dos seus confrades, consistentes no pago dun real pola entrada na confraría, e logo catro cuartos ao ano.

⁸ En Andalucía hainas tamén pechadas e horizontais

⁹ Unha persoa pode ser membro ao mesmo tempo de varias confrarías, algunha das cales pode non pertencer ao seu lugar de residencia.

¹⁰ LIBRO DE LA COFRADIA DE S.ROQUE, S.ANTONIO DE PADUA, S.ANTONIO ABAD. 1766. Fregresía de Pacios.

Ao fronte da asociación estaba un maiordomo que tiña como función regular tódolos actos relixiosos e profanos da confraría:

1º. O crego da feligresía de Pacios coa axuda doutro crego concelebraba dúas misas polos confrades vivos e defuntos que tiñan lugar o 17 de xaneiro, festividade de S. Antonio Abad, e o 14 de xuño, festividade de S. Antonio de Padua.

2º. O 16 de agosto, festividade de San Roque, o párroco concelebraba unha misa coa cooperación de catro cregos, que previamente axudaran a confesar.

Cada un deste cregos recibía pola súa tarefa catro reais, mentres que o párroco recibía vintedous reais por tódalas funcións que levaba a cabo durante o ano.

3º. Na festividade de San Roque dáballes cera a todas as persoas, tanto para a misa como para a procesión.

4º. Cando morría algún confrade, a súa familia recibía vintecatro cirios para honras fúnebres.

5º. Ao músico que viña o día da función xeral pagáballes catro reais.

Ao rematar o seu mandato o maiordomo e o depositario, nun prazo de quince días, tiñan que dar conta da administración levada ao fronte da confraría ao párroco e, tamén, a algúns confrades, elixidos polos demais membros.

A confraría sostíñase economicamente non só das caridades que aportaban os confrades, senón tamén da esmola que se xuntaba nos días da festividade.

Co paso do tempo a confraría, a través do seu mordomo, diminuíu o número de cregos na festividade do San Roque, máis aumentou a remuneración económica que se lles daba pola súa tarefa, debido a un aumento do nivel de vida. Así mesmo nalgún ano aumentou o número de cregos nas festividades do San Antón Abade e o San Antón de Padua.

En canto aos actos de tipo profano o mordomo pagou nalgúns anos non só ao músico, senón tamén a pólvora que se ía a empregar na festividade.

"....CARGO.-

Al Mayordomo Quartª y tres rrs. que importaron los caudales de este ano.....

Mas Doce rr. Que se Juntaron; De Limonsa dia de Sn. Antº Abbad.

Mas Diez y nueve rrs. Que se Juntaron el dia de Sn.Roque.

Ynporta el Cargo setenta y qtº rrs.

DATA.-

Dio en data veinte y dos rrs. Quellebaron tres sacerdotes, y el Cura Parroco. Enlafuncion de Sn. Roque.

Mas diez y siete rrs. Que llevaron dos sacerdotes en la función de Sn. Antº Abad y el cura...

Mas el dia de Sn. Antº de Padua de otros dos sacerdotes y el cura diez y siete rrs.

Mas seis rrs. de una docena de Fuegos.

Mas cinco rrs. del Músico.

***Inmporta, La Data sesenta y siete rrs. que rebajados del, Cargo que Dan a favor de la Cofradia siete rrs*"¹¹.**

Finalmente a paulatina desaparición da confraría empeza o 20 de novembro de 1810. Nese día o crego desta feligresía manifesta haber recibido o libro da confraría, adicado a estas tres festividades, así como a información de veciños de dita parroquia segundo a cal decaera a caridade dos devotos facía algúns anos, especialmente desde a invasión dos franceses no ano 1809, xa que queimaron todo o correspondente a dita confraría.

Por tal motivo agora solo se xunta unha pequena esmola, que non chega para celebrar as tres misas das advocacións.

".....que hauia varios anos deCahiera la caridad delos debotos, y en particular desde que huuiera la ynvasion de los Franceses el año de 1809. que quemaron todo lo correspondte. adha cofradía, y pr. dho motivo, aora solo se junta una corta limosna que no llega para descargar las tres Misas delas havocaciones..."¹².

2ª. ANÁLISE SOBRE A CONFRARÍA DA VIRXE DO CARME.

Desde a chegada a Europa dos carmelitas -primeira metade do século XIII-, aos segres

¹¹ *Ibidem. Año 1795. Fregresía de Pacios.*

¹² *Ibidem. Año 1810.*

fundadores e benfeitores dos conventos de aqueles monxes concedeuselles a participación nos froitos das oracións e boas obras da orde, e ademais déuselles o título de confrades.

No século XVI constituíuse probablemente a confraría do Escapulario. O escapulario, distintivo dos carmelitas, arrastrou as simpatías de moitos devotos hasta formarse a confraría do seu nome. O escapulario ofreceuse como un medio de saír do purgatorio. ***"La indulgencia sabatina confirmada por el papa Pablo V-1602-1621- establecía-según W.CRISTHIAN-que aquellos que llevaran el escapulario de la Virgen del Carme y cumplieran las condiciones que imponía su uso, serían automaticamente liberados del purgatorio el sábado posterior a su muerte"ⁱ. Posiblemente a devoción as animas do purgatorio facilitou a vía de entrada da devoción da Nosa Sra.do Carme, cando ésta foi propagada polas ordes carmelitas***¹³.

Nesta freguesía temos información desta confraría a partir do ano 1860, perdéndose por causas que descoñecemos toda a información anterior.

Os confrades no século XIX e gran parte do XX pagaban unha renda en especie-consistente nunha medida de centeo- para soste os gastos que tiña a confraría. En total recollíanse de vinte a vintecinco ferrados deste cereal que se vendía, e co seu importe o mordomo da confraría planificaba unha serie de actos relixiosos:

1º. Concelebración dunha misa cantada o día da festividade da Virxe do Carme, na que interviñan normalmente cinco cregos. Nalgún ano chegaron a intervir dez. Estes cregos recibían unha aportación en metálico pola súa tarefa. ***"...Yd. son data ciento cuatro reales que llevaron diez sacerdotes q. asistieron a la función de la Virgen y a otra que hubo para confesar a los cofrades..."***¹⁴

"Cuenta dela Cofradía de Nrª Señora del Carme, del año de 1865, siendo Mayordomo Patricio Gomez.

Cargo: En primer lugar son cargo ciento sesenta y tres reales y diez siete mrs. alcance de la cuenta anterior.

¹³ WILLIAM CRISTHIAN, A.JR.: *Religiosidad Popular. Estudio antropológico en un valle español*. Ed. Tecnos. Madrid. 1978, páx. 121.

¹⁴ *Libro de la Cofradía de Ntra. Sra. del Carmen de 1860-1968*. Año 1872. Fregresía de Pacios

Igualmente es cargo ciento cuarenta y nueve reales que produjeron veinte y tres ferrados de centeno que se cobraron de los Cofrades.....

Data: Es data en primer lugar cincuenta y dos reales que llevaron cinco señores sacerdotes, que asistieron a un auto, con una función, para confesar los cofrades....

Yd. cuarenta y un reales y veinte y cuatro mrs. que costaron doce docenas de coetes para la función de la Virgen.

Yd. Diez y seis rs. que llebaron los músicos.

Yd. más diez reales para el Maiordomo por su trabajo de Administración..... ^{"15}

2º. Nalgúns anos celebrouse un Novenario adicado á Virxe, así como un oficio relixioso o día anterior a festividade que tiña como finalidade primordial confesar aos confrades. *"...Yd. lo es de sesenta y tres reales de la Novena y Misas de la misma"* ^{"16}.

3º. Os confrades tiñan dereito a unha cantidade de cera para o seu enterro.

"Año de 1916. Cuenta presentada por el mayordomo de la cofradía del Carme D. Angel Blanco, vecino de Pacios. Cargo: Son cargo, ciento cuarenta y ocho pesetas de centeno cobrado de los cofrades..... Data: Son data ochenta y nueve pesetas de dos funciones religiosas y fiesta profana. Son data catorce pesetas de cera. Son data veinte y una pesetas de administración" ^{"17}.

Algúns anos a confraría tamén pagaba a pólvora e a música. "...Yd. cuarenta y un reales y veinte y cuatro mrs. que costaron doce docenas de coetes para la funcion de la Virgen. Yd. Diez y seis rs. que llebaron los músicos..." ^{"18}.

O mordomo recibía unha aportación en metálico pola súa tarefa o fronte da confraría. *"..Yd. lo*

¹⁵ *Ibidem. Año 1865. Fregresía de Pacios.*

¹⁶ *Ibidem. Año 1892. Fregresía de Pacios.*

¹⁷ *Ibidem. Año 1919. Fregresía de Pacios.*

¹⁸ *Ibidem. Año 1865. Fregresía de Pacios.*

es de sesenta reales del Mayordomo... " ¹⁹

Cada ano tiña que dar conta da administración da confraría diante do párroco e algúns cofrades.

"...Cuyo alcance queda en poder del mismo mayordomo Francisco Ocampo y se dan por terminadas estas cuentas que firma el mismo con el Señor cura y testigos que subscriben, estando en Pacios a 22 de Diciembre de 1892...." ²⁰

Houbo mordomoa que seguiron administrando a confraría durante varios anos. Son os casos de Patricio Gómez, José Ocampo, Angel Blanco etc. A partir dos anos 1930-35, a función do mordomo foi decaendo paseniño, ocupando as súas funcións o párroco. Tamén a partir destes anos a renda en especie, que aportaban os cofrades, foise substituíndo por diñeiro. *"...Son cargo ciento veinticinco pesetas cobradas de los cofrades..."* ²¹

A partir do ano 1968 a confraría deixou de funcionar dun xeito oficial pola falla de interese dos propios cofrades²².

3ª. ANÁLISE SOBRE A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO SACRAMENTO.

A confraría máis tradicional das parroquias rurais galegas foi e sigue sendo a do Santísimo Sacramento. O arzobispo de Santiago D. Gaspar de Zúñiga instituíuna en todas as igrexas parroquiais da diocese no ano 1559. Neste ano publicou unha pastoral na que entre outras cousas dicía: *"Considerando ser necesario conforme a los Sagrados Concilios, razón e buena costumbre que el Sanctísimo Sacramento esté perpetuamente en el reliquario, e cuanto daño e peligro de las ánimas se sigue de lo contrario, no sin grave tristeza hemos sido informados que en muchas yglesias de nuestro Arçobispado no ay Sacramento, e donde lo ay no está con la limpieza, la decencia e la honorificación que a tan alto Señor se debe. Por tanto, queriendo proveer de rremedio, nos a parecido ser cosa conveniente ordenar una Cofradía*

¹⁹ *Ibidem.* Año 1894. *Fregresía de Pacios.*

²⁰ *Ibidem.* Año 1892. *Fregresía de Pacios.*

²¹ *Ibidem.* Año 1934. *Fregresía de Pacios.*

²² *Ver Confraría do Santísimo*

del Santísimo en todo nuestro Arçobispado, como la instituyó nuestro muy sancto padre Paulo tercio en Roma e exorta encarecidamente se instituya en toda la Christiandad, e concede innumerables indulgencias e perdones, a todos los confrades de la dicha Cofradía, como parece por su Bula; la qual mandamos imprimir juntamente con las reglas que han de guardar los dichos confrades; e exortamos e mandamos a todos los Rectores, curas e sus tenientes hagan leer muchas veces esta bula en sus feligresías, no dexe de ayudar a tan sancta obra e ganar tantas indulgencias e perdones..."²³

Esta disposición foi válida logo para as outras dioceses do antigo Reino de Galicia.

A confraría do Santísimo na freguesía de Pacios é a máis antiga das que hai na susodita parroquia. Descoñécese a data da súa fundación. No único libro que existe, do ano 1710, fálase de que o 22 de Abril de 1711 D.Diego Benito Sánchez, crego de Pacios e Baamonde, puxo ao día as constituicións existentes no libro vello, hoxe desaparecido.

Ao fronte da confraría había un mordomo que tiña unha serie de obrigas:

1ª. Anotaba aos confrades no libro da confraría, e recibía deles o pago anual de catro cuartos. Este pago variou moi pouco no transcurso dos anos. *"...Mas selehace Cargo de noventa e un reales que tubo de caridades..."* ²⁴. *"...Hacesele cargo de novtª e siete rrs. que importan las Caridades de los confrades de este ano..."* ²⁵ *"...Primeramente sele hace Cargo de Ciento sesenta e seis rs. que ymportaron las Caridades del Presente año de los hermanos confrades.."* ²⁶ *"....Son cargo cincuenta e seis pesetas cobradas de los confrades..."* ²⁷

2ª. Pagaba as misas que celebraba a confraría no transcurso do ano. Agora bem, que misas celebraba a confraría?

2.1. O crego da parroquia celebraba unha misa cada mes, e outra o día do Corpus polos confrades vivos e mortos. Por estas misas o mordomo pagáballe inicialmente vinteseis reais.

²³ FRAGUAS,A...: Palabra "Corpus". G.E.G. T.7, páx.160.

²⁴ *Libro de la Cofradía del Santísimo del año 1710-1968. Año 1727. Feligresía de Pacios.*

²⁵ *Ibidem. Año 1791. Fregresía de Pacios.*

²⁶ *Ibidem. Año 1834. Fregresía de Pacios*

²⁷ *Ibidem. Año 1944. Fregresía de Pacios.*

2.2. Na festividade do Corpus, o párroco xunto con outros cinco cregos, chamados polo mordomo mais a través da súa mediación, concelebraban cinco misas rezadas e unha cantada polos confrades vivos e mortos. Logo, saía a procesión co Sacramento arredor da igrexa. Por estes oficios o mordomo pagáballe inicialmente a cada crego catro reais, e tres, se era confrade.

"...Descargase esse mayordomo con Veinte e seis rs. de trece missas que dise el cura por entre año cada mes una porlos cofrades uiuos e difuntos. Mas se descarga con veinte e dos reales de seis sacerdotes que asistieron el día dela cofradía qe dos dellos no lleuaron mas que a tres rs. por ser cofrades. Los demas a quatro..."²⁸. "...Mas Veinte e quatro reales de Seis Señores Sacerdotes que dijeron Misa por la Cofradía e asistieron ala Función el dia dCorpus Procesion e Misa Cantada..."²⁹.

A finais do século XVIII o mordomo pagáballe ao párroco corenta reais polas misas e pola asistencia a confraría; os cregos que interviñan na festividade do Corpus xa recibían cinco reais.

"...Dio en data veinte e cinco rrs. de cinco sacerdotes, que asistieron a la función General. Mas quart^a rrs. que lleva el Cura pr. trece misas incluía la dcha función general, e asistencia que a esta cofradia hace..."³⁰.

3^a. O mordomo aportaba a cera necesaria para as distintas funcións de culto: misas anuais; festividade do Corpus; oficios do Xoves Santo; administración dos Santos Sacramentos aos enfermos. Tamén, cando morría algún confrade dáballe inicialmente á familia vinte e catro achas de cera para as vixilias de enterro e honras fúnebres. Co paso do tempo esta cantidade reduciuse á metade.

"....Da en descargo este Maiordomo nueve libras de zera que gastaron enlas misas, e monumento de Juebes Santo..."³¹.

"...Dio en data once libras que se consumieron en la funcion general del Stmo, Stº Sepulcro

²⁸ *Ibidem. Año 1732. Fregresía de Pacios.*

²⁹ *Ibidem. Año 1740. Fregresía de Pacios.*

³⁰ *Ibidem. Año 1792. Fregresía de Pacios.*

³¹ *Ibidem. Año 1758. Fregresía de Pacios.*

e misas anuales.. "32.

O mordomo no prazo de dous meses a contar desde a festividade do Corpus tiña que presentar as contas da confraría o párroco. *"...En la fra. de S.Martín de Pacios a veinte e seis dias del mes Julio de mil siete cientº novtª e dos Yo Dn. Ignacio Valcarce cura de esta fra, e dela de Santiago de Baamd. he firmado las quantas dela cofradía del Stmo. Sacramentº incluía en esta parroquia de Pacios a Domº de Prado Mayordomo de ella e Antº Vazqz. depositario de sus caudales..* "33.

A finais do século XIX e, tamén, en todo o XX a confraría, a través do seu maiordomo, adicábase dun xeito preferencial á festividade do Corpus; aos oficios de Xoves e Venres Santo. Tamén, proporcionaba a cera necesaria non só para os cultos citados, senón tamén para as honras fúnebres dos confrades finados.

*"...Yd. lo es de doscientas treinta e ocho reales importe invertido en cera para dicha confradaria e gastos de la función del Corpus..."*34 *"...Son data ciento diez e siete reales, importe de trece libras de cera, a nueve reales cada libra. Son también data cincuenta e seis reales, importe de la función del Corpus Cristi. Igualmente son data treinta reales, gasto ocasionado con motivo de los oficios de jueves e viernes santo..."*35. *"...Son data quince pesetas de cera. Son data treinta e cinco pesetas de la función de Corpus..."*36.

No ano 1968 o párroco D. Xoán Francisco Ocampo Hernández, ante a crise das dúas confrarías: a do Carme e a do Santísimo, manda aos fregreses da parroquia a seguinte carta:

"Apreciable familia:

Cumpliendo lo prometido hace unos días, deseamos por medio de estas letras, hablarle del estado actual de estas cofradías, que tenemos en la parroquia e al mismo tiempo invitarle a que exponga su opinión sobre las preguntas que se hacen al final, de esa manera demostrará el interés

³² *Ibidem. Año 1791. Fregresía de Pacios.*

³³ *Ibidem. Año 1792. Fregresía de Pacios.*

³⁴ *Ibidem. Año 1899. Fregresía de Pacios.*

³⁵ *Ibidem. Año 1900. Fregresía de Pacios.*

³⁶ *Ibidem. Año 1945. Fregresía de Pacios.*

por esas cofradías que desde hace 300 años existen en la parroquia.

En el acta de la Visita Pastoral, el Sr. Obispo dejó escrito: "**He observado que las antiguas cofradías de Pacios, llevan una vida irregular, pues no aparecen las listas de los cofrades, ni se realiza el cobro de las pequeñas cuotas para cumplir las cargas de dichas cofradías**".

Se encarga al Sr. cura que ponga en orde dichas cofradías o que, si fuera este el deseo de la parroquia se pida al Obispado su anulación.

En espera de su respuesta, le saluda.

Juan Francisco Ocampo Hernández.

Cura Párroco

Diciembre 1968.

PREGUNTAS:

1ª.- ¿Cuántos de su familia pertenecen a esta cofradía?

2ª.- ¿Le interesa pertenecer a ella?

3ª.- ¿Deben suprimirse o no?

Envíase un exemplar ás 129 casas da parroquia. Unicamente contestaron doce familias, dicindo dun xeito xeral que "**por eles as confrarías podían suprimirse**".

Por tanto, a partir deste momento as confrarías, cando menos dunha maneira oficial, deixaron de funcionar, xa que desde o ano 1968 non se pon ningunha nota nos libros destas dúas asociacións.

III. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA FREGUESÍA DE SANTIAGO DE BAAMONDE.

Segundo o I.G.E. do ano 2019, está freguesía posuía 999 habitantes distribuídos nas entidades de poboación de A Chafareta; Aldea de Arriba; A Rega; A Silvosa; Baamonde; O Pazo; Riocovo e Vilasuso. Dende unha óptica eclesiástica esta freguesía pertencía ao articiprestado de Begonte e a diócese de Mondoñedo-O Ferrol. E dende unha perspectiva civil, esta comunidade eclesial, formaba parte do municipio de Begonte; do partido xudicial de Vilalba; e da provincia de Lugo. A súa principal entidade de poboación é Baamonde, situada na intersección de dúas vías de

comunicación: a A-6 (Autovía do Noroeste) e a A-8 (Autopista do Cantábrico). Esta vila, emprazada tamén ao carón do Camiño Norte a Santiago, ten entre outras cousas unha interesante igrexa románica de transición, probablemente do século XIII; un triple cruceiro ou calvario do século XVIII, situado no adro da igrexa; algúns restos da Torre de Camarasa, que xa existía nos primeiros anos da Reconquista; e a Casa-Museo do escultor da vila Víctor Corral, quen fixo ademais unha talle da Virxe do Rosario no tronco dun castiñeiro, situado no adro da igrexa.

IV. A CONFRADÍA DA VIRXE DO ROSARIO DE "BAAMONDE" (LUGO).

Hai anos houbo unha importante confraría adicada á Virxe do Rosario. O seu comenzo data do ano **1690**. Así o libro da confraría que se conserva no arquivo parroquial principia do seguinte xeito: ***"...Libro de la Cofradía de N^a. S^a. de Ross^o. inclusa en la Iglesia de Santiago de Vaamde. Obispado de Lugo fundada Porel Rbd^o Pe. Prior del Convento de St^o Domingo de la Ciudad de Lugo a petición del Cura de dicha fr^a del dinero dela Iurisdiccion y de los feligreses. Este año de 1690."***

Os confrades pertencían non só a fregresía de Baamonde, senón tamén a outras como Pacios, Bóveda etc. Todos os anos pagaban de tarxa un real que permitía ao mordomo ou ao director da confraría pagar unha serie de actos litúrxicos; a cera, que tiña varias aplicación; e outras cargas.

1. ACTOS LITÚRXICOS.

1.1. A función principal da confradía celebrábase o día once de setembro, adicada aos confrades vivos e defuntos. Era concelebrada por oito cregos, incluído o párroco da fregresía.

1.2. O día oito de decembro, festa da Purísima Concepción, tiña lugar unha función fúnebre con vixilia e misa cantada polos confrades defuntos. Era concelebrada por catro cregos.

Todos os cregos que participaban nestes actos recibían unha remuneración económica pola súa tarefa. O párroco da fregresía de Baamonde recibía unha paga de trinta reais ao ano pola súa dedicación a confradía. Os demais cregos percibían catro reais por confesar e dicir misa. ***"Yten disponemos, q. alos referidos confesores seles ha dpagar aquatro rrs. con obliga^o de Misa pr. la cofradia; yal Cura, i Cappn. maor. q. es o fuere, Tr^a rrs. pr. la asistencia a esta dha. Cofradia entodo el año"*** (Libro da confradía).

1.3. Todos os primeiros domingos de mes tiña lugar unha misa concelebrada por catro cregos.

2. APLICACIÓNS DA CERA.

A cera tiña varios usos:

2.1. A familia do confrade defunto recibía doce fachas de cera para a vixilia ou para a misa de enterro. Se o herdeiro quería empregar a cera en ambas as dúas funcións tiña a obrigaón de pagar media libra de cera para aumento da confraría. Se o confrade defunto non era das fregresías de Baamonde e Pacios, a súa familia tiña que pagar dous reais ao mordomo polo seu traballo.

2.2. Todos os primeiros domingos de mes celebrábase unha procesión, adicada á Virxe do Rosario. Nela participaban moitos confrades, aos que se lles entregaban candeas para acompañar a Virxe.

3. OUTRAS CARGAS.

O once de setembro, día da función xeral, a confraría concedía doce reais para dúas ducias de fogos; un cuarto para hostias; un cuartillo de viño para as misas; e unha parva regular para os cregos participantes.

Días despois da función principal o depositario ou mordomo da confraría facía as contas diante do párroco da fregresía e dalgunhas testemuñas. Debido ao gran número de confrades, a asociación durante moitos anos saldaba as contas con superávit. Isto facía posible unha inversión do diñeiro sobrannte en terras e gandos para aumento da confraría. Así temos que a principios do século XVIII a confraría tiña dez ferrados de centeo no lugar de Carballido e nove pezas de gando vacuno. *"Tiene esta cofradía además de las caridades de los fieles, las tres cuartas partes (10 ferrados de centeno) del lugar de Carballido, en el que vive Antonio das Lobeiras y 9 piezas de ganado vacuno"*. (Libro da Confradía).